



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.a-C58-14. Consultas procedemento de contratación do subministro de báculos e luminarias para mellora de eficiencia enerxética na avenida de Loureiro, concello de Bueu (2014)

Asto.: Relación anónima de consultas e aclaracións ás mesmas do procedemento de contratación do subministro de báculos e luminarias para mellora de eficiencia enerxética na avenida de Loureiro, concello de Bueu (2014)

O presente anuncio contén a **relación anónima de consultas e aclaracións** ás mesmas realizadas polos interesados no procedemento de contratación de referencia en base ao disposto na cláusula VI dos pregos de cláusulas administrativas particulares reguladores do mesmo (PCAP)

1.- Consulta núm. 01:

Formulada con data 26 de xuño de 2014

Texto da consulta:

a.- Xunto coa declaración responsable ¿deberase entregar toda a documentación que aparece sinalada despois do Anexo I, ou esta documentación entregárase posteriormente en caso de adxudicación?

b.- Solicitamos que por favor nos xustifiquen a necesidade de que a empresa para ser adxudicataria deba acreditar a capacidade para operar como empresa mantedora de aparellos elevadores.

- Aclaración á consulta núm. 01.a:

Respecto á aportación da documentación relacionada no anexo I dos PCAP, a **cláusula IX.2. dos PCAP**, relativo á **documentación a presentar polos licitadores no sobre A**, esixe a presentación dunha **declaración responsable** según o modelo que figura como anexo I que será substitutiva da documentación acreditativa da capacidade e solvencia.

Na declaración responsable que figura no **anexo I** detáianse os **documentos** que deben ser presentados **xuntamente coa declaración responsable**: 1.- NIF/CIF; 2.- Escritura constitución ou modificación; 3.- Poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre.

A **restante documentación acreditativa da capacidade e solvencia**, relacionada no anexo I deberá ser **aportada**, en cumprimento da **cláusula X.4 dos PCAP** unha vez **efectuada a clasificación**, por orde decrecente, das proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais, a **requerimento do órgano de contratación formulado ao licitador que houbera formulado a proposición economicamente máis ventaxosa**.

- Aclaración á consulta núm. 01.b:

A documentación detaiada no aptdo.G) da relación de documentación que figura no modelo de declaración responsable do Anexo I dos PCAP relativo á "Acreditación da capacidade para operar como empresa mantedora de aparellos elevadores" non debe ser presentada polos licitadores en ningún momento do procedemento toda vez que o obxecto do contrato é totalmente alleo ao mantemento de aparellos elevadores.

A súa inclusión no anexo constitúe un erro administrativo

Bueu, a 27 de maio de 2014

O alcalde